




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



### Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

#### **MOCIÓN A PROL DA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE MÁIS DE 21 ANOS NA PROVINCIA DE OURENSE.**

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

#### **MOCIÓN**

##### **Exposición de motivos:**

A provincia de Ourense é a única da comunidade galega, que non conta cun CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, público e de xestión pública; que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. Na actualidade hai usuarias/usuarios que están en centros públicos fora da nosa provincia, aos que os seus proxenitores e familiares desexarían en Ourense, sempre que sexa para un centro público e de xestión pública.

Hai rapaces que ao rematar a etapa escolar quedaron nas súas casas debido a que ir a un CAPD público obriga a desprazarse a outras provincias, o que supón romper o vínculo familiar, cuestión que fai de absoluta necesidade contar con prazas de respiro familiar adaptadas aos seus familiares, xa que actualmente as prazas que se ofertan en Ourense son en centros xeriátricos.

Cando as persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral rematan a etapa escolar, teñen 21 anos, e para eles un CAPD vai ser o resto da súa vida; polo tanto, merécese un centro cunhas instalacións dignas e adaptadas as súas necesidades, que, como mínimo sexa como os das outras provincias galegas.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Co fin de remediar a discriminación á que se ve sometida, non só a provincia de Ourense, se non tamén tódolos familiares e persoas con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas da provincia, así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL, ou o que é o mesmo un CAPD na provincia de Ourense.

O compromiso de construción dun centro de atención terapéutica - ocupacional, público, de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos.

Máis con ocasión de examinar o proxecto exposto polos técnicos da Consellería a plataforma ProCAPD-Ourense, descubriu que o que se pretende levar a cabo é a creación dun "centro ocupacional con servizo de atención diúrna e residencial". Este proxecto non é o que a Plataforma demanda, nin o que os partidos políticos (PP,PSOE,BNG,EN MAREA,DO) asinaron naquel acordo de setembro; que está moi lonxe das prazas comprometidas e que segundo os planos dificilmente vai poder ser xestionado sen externalizar servizos, imposibilitando a xestión pública tamén comprometida.

O que esixe a plataforma, e o que nos comprometemos as distintas organizacións políticas e sindicais, é un centro de servizos específicos de atención residencial, diúrna e respiro familiar, destinado a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, que para os/as que dado o seu grado de dependencia, un Centro Ocupacional non é o máis axeitado. O que precisan é un "CENTRO DE ATENCIÓN TERAPEÚTICA-OCUPACIONAL", público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno desta Corporación Municipal de Allariz a adopción do seguinte,



**GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ**

**Acordo:**

1).- O Pleno amosa o seu rexeitamento ao proxecto de centro ocupacional presentado, por non ser o que precisa a provincia. Nin por servizos, nin número de prazas, nin por garantir a xestión pública, coa que nos comprometemos os partidos políticos en acordo asinado o 19 de setembro de 2016.

2).- O Pleno insta á Xunta de Galicia a que se elabore un novo proxecto que se corresponda cun "CENTRO DE ATENCIÓN TERAPEÚTICA-OCUPACIONAL", público, que execute nunha primeira fase o centro de día e servizos común e que deixe previsto para unha segunda fase o centro residencial.

3).- Instar a Xunta de Galicia a que se garanta, en todo caso, a xestión pública do mesmo.

Allariz, 25 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.

*Concelleira do Grupo Municipal Socialista de Allariz.*

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.**